

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE, A CONSELLERÍA DE SANIDADE E O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE PARA A IMPLANTACIÓN DO PROGRAMA ACOMPAÑAMENTO NOS HOSPITAIS E CENTROS DE SAÚDE NA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A Secretaria Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, DECLARA:

- Que o Conselleiro de Sanidade e presidente do Servizo Galego de Saúde formalizou o día 02/03/2026 coa Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude o instrumento convencional arriba referido, que terá vixencia ata o 31 de decembro de 2026.

- Que o instrumento convencional ten por obxecto, segundo expresa o texto do acordo, *“establecer unha canle de colaboración entre a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, a través da Dirección Xeral de Xuventude, e o Servizo Galego de Saúde, para a implantación, a través das distintas Xerencias das Áreas Sanitarias do Servizo Galego de Saúde, do programa Acompañamento nos hospitais e centros de saúde, un programa de humanización consistente no acompañamento con persoas voluntarias as persoas usuarias e visitantes que reciben asistencia sanitaria nalgún centro público do Servizo Galego de Saúde”*

- Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxectivo referido.

- Que o instrumento convencional asinado fundaméntase, segundo o seu texto, en que:

“o programa Acompañamento nos hospitais e centros de saúde é un proxecto de humanización que consiste no acompañamento, con persoas voluntarias, aos e ás pacientes que reciben asistencia sanitaria nalgún centro público sanitario do Servizo Galego de Saúde e que realizarán as actividades descritas na cláusula segunda do presente acordo.

Sen dúbida, estas actividades teñen unha incidencia e beneficios directos no entorno sanitario no que se desenvolven, tanto para as persoas usuarias -ao ofrecerlle seguridade e confianza- como para as persoas voluntarias, contribuíndo ao seu enriquecemento persoal.

Polo anterior, o Servizo Galego de Saúde comprométese a prestar a súa colaboración para o desenvolvemento da actividade do voluntariado a través do programa Acompañamento nos hospitais e centros de saúde en consonancia co estipulado na mencionada Lei 10/2011, de 28 de novembro, e na Lei 8/2008, de 10 de xuño.”



- Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspón ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estimouse xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asino esta memoria, en Santiago de Compostela.

